



nota de prensa

A manifestación pola reposición do servizo de pediatría percorrerá este mércores as rúas de Cuntis

Mañá mércores discorrerá polas rúas de Cuntis a gran manifestación para esixir a reposición do servizo de pediatría. Convocada unanimemente polos catro grupos municipais, partirá do Centro de Saúde ás oito do serán e chegará á Casa do Concello.

Cuntis. 4 de decembro de 2018

As mobilizacións en defensa dos servizos de pediatría no rural espállanse polo País. Son varios os concellos nos que se veñen rexistrando ante o colapso e a incapacidade da Xunta de Galicia para explicar o desmantelamento que está a levar a cabo. **Cuntis foi un dos primeiros en saír á rúa, levamos catro semanas consecutivas esixindo na rúa a reposición do servizo de pediatría e para este mércores está convocada a gran manifestación que visibilizará aínda máis unha demanda absolutamente unánime no noso municipio.** Os catro grupos da Corporación mantemos a unidade na convocatoria deste mércores **dende o Centro de Saúde**, para manifestarnos **ás oito do serán** percorrendo as rúas da vila **ata a Casa do Concello**.

Para Veciñanza, en palabras noso voceiro municipal Santi Martínez, "*o que está en xogo non é unicamente canto tempo nos vai manter a Xunta de Galicia sen pediatra, **senón que nos xogamos se nun futuro imos poder dispoñer en Cuntis dunhas condicións mínimas e uns servizos públicos garantidos para vivir con dignidade no rural.** Alberto Núñez Feijóo proclamaba ao comezo deste mandato que esta ía se 'a lexislatura do rural', e o único que prosegue é o desmantelamento de servizos e o deterioro de condicións para fixar poboación nel.*"

Veciñanza está a desenvolver unha intensa campaña de difusión e chamamento a acudir á manifestación, tanto en redes sociais coma no día a día na vila. **Unha vez constatado o respaldo unánime que estamos seguros vai recoller a manifestación deste mércores, os catro grupos políticos da Corporación analizaremos a maneira de darlle continuidade ás mobilizacións, que continuarán a semana próxima.** En todo caso, a mensaxe para a Xunta de Galicia é clara: non imos consentir pasivamente que continúe o deterioro da nosa sanidade e o desmantelamento dos servizos públicos.